# VII Romaría Etnográfica Raigame

**PRIMEIRO PREMIO DE INVESTIGACIÓN ETNOGRÁFICA**

**"As varandas de ferro dos corredores e balcóns do Ribeiro"**
de Clodio González Pérez e Xoan Ramón Marín Martínez
(Traballo editado en publicación independente)

---

**SEGUNDO PREMIO DE INVESTIGACIÓN ETNOGRÁFICA**

**"Serranchíns e serradeiros, un oficio para a lembranza"**
de Aníbal Cid Babarro

**INVESTIGACIÓN ETNOGRÁFICA**

**SEGUNDO PREMIO - 2008**

**Aníbal Cid Babarro**



# Serranchíns e serradeiros, un oficio para a lembranza

## 1. PEQUENA HISTORIA DO OFICIO DE SERRANCHÍN

Dende tempos inmemoriais, a madeira foi empregada como materia prima para construcións diversas, obxectos, útiles e motivos artísticos. Dende a árbore ata que se converte na obra desexada, a madeira pasa por unha transformación na que tradicionalmente interviñan diversos artesáns; pero todos recurren a pezas, táboas e toros de madeira, materia prima que preparan os protagonistas deste traballo.

A corta de troncos é unha actividade tradicional da explotación madereira, da construción e das tarefas domésticas, este oficio mantiña xa hai máis de sete séculos os poboadores da serra cortando árbores, sacando e arrastrando a madeira e facendo leña. O derribo das árbores corría a conta dos máis xoves e fortes da cuadrilla, aos máis vellos correspondíalles o labor de derramar, cortar as polas e os preparativos para a fabricación do carbón vexetal.

O primeiro en entrar en contacto coa madeira é o talador, leñador, fragueiro ou serranchín quen cortaba as árbores no monte, derramábaas e tronzábaas en toradas. Ás veces cubicaba o seu volume axudado do calibre ou mesmo a ollo, para calcular o valor da madeira e logo vendela, neste caso recibía o nome de madeireiro.

Os serranchís, entre os que abundaban os portugueses, traballaban en cuadrillas, e o seu labor consistía en transformar as toradas en táboas, pontóns, barrotes, etc.

Durante a Idade Media abundaban os oficios de seranchín, leñador e carboeiro; debido a relevancia que tiña a construción naval e as ferrerías, dado que requirían moita cantidade de madeira e carbón, que se facía de leña.

A corta a feito, total do eido, facíase cada treinta ou coarenta anos nunha carballeira boa de sazón, o que significa que un fragueiro ou serranchín novo, non volvía ao mesmo lugar, ata ben entrado en idade, no mellor dos casos.

Ao berro de ¡vai! todos estaban avisados de que caería a árbore e pouco tempo despois, co rítmico son das machadas, deixaban limpo de casca e espido o tronco, listo para o "carreto", bois ou bestas no monte dispostos para arrastrala madeira, mentres se cargan os carros a man, despois camiño da casa, xa verían os problemas, animais que non poden nas costas, carros que volcan nos camiños angostos, rodas de madeira rotas ou que se enterran na lama polo peso.

*Corta da árbore. (Jean Pierre Adams. La Construcción Romana)*

A enerxía física dos mozos e a destreza no oficio dos veteranos, llevábaos a competir con pequenas apostas a quen derrubase primeiro unha árbore determinada. Así, a corta de troncos foise convertindo nun deporte tradicional e popular no País Vasco, Navarra e Asturias; tamén coñecido en Estados Unidos, Canadá, Australia e Nova Zelanda onde se celebran competicións de corta de troncos.

Un labor positivo para as carballeiras, piñeirais, soutos e monte en xeral, é a recollida das leñas secas porque disminúe o risco de incendio e evita a propagación de pragas na leña morta. En Galicia, debido ao minifundio con moitos propietarios en pouco terreo, aproveitábase todo, tronco, ramas, guizos, casca e folla, para o propio autoconsumo como material de combustible ou para botalo nos labrados como abono. En Castela, existiu o oficio de "gabarrero", que eran persoas que percorrían o monte buscando leñas mortas que cargaban nas súas mulas, principalmente para a venda, anque aproveitaban tamén para consumo propio.

## 2. SERRANCHÍN AMBULANTE

Os serranchís adicábanse a cortalas árbores ou somantes a súa serra cando xa está a torada na casa, como era corrente, pódense considerar unha caste de carpinteiros, anque só se limitan a preparala materia prima. Moitos eran portugueses, sendo poucos os nativos que se adicaban a este oficio, inda que predominaba nas zonas da montaña Lucense, O Caurel, A Fonsagrada, Os Ancares; debido a cantidade de ferrerías que demandaban moito carbón.

A cuadrilla de serranchís fórmana dous oficiais e un rapaz ou aprendiz, que lles axudaba a portalas ferramentas e a facer os recados. Desprazábanse a pé, percorrendo lugares e deténdose onde atopaban traballo, polo xeral a mantido, sendo costume proporcionarlles un teito para se acolleren, unha lareira ou un palleiro. Cóntame o Sr. Emilio Martínez "Maquinaria Juanes", que o seu pai, que vivía en Laza, axustou no ano 1949 a serra de dous castiñeiros a serranchíns portugueses, cobrándolle 2,5



*Escuadrando a torada. (Jean Pierre Adams. La Construcción Romana)*

ptas/día, a mantido e con viño, "moito viño, sobre todo o debaixo, que o derriba podíalle afectar".

## 2.1 O TRABALLO MANUAL

Cando axustan un traballo coa árbore de pé, dacordo co dono da madeira, a tala faise preferentemente nas tardes dos meses de inverno e durante a lúa crecente, pois se se fai na minguante, estrágase axiña a madeira. Se o dono vése na obriga de cortala árbore en día que non cadre en crecente, ten conta por si mesmo de facer unha fenda darredor no tempo axeitado. Cabe salientar como uns homes, que a maior parte non sabían ler nin escribir, respectaban a natureza ata tal punto, que foron capaces de decatarse do fluxo da savia da árbore; e da súa relación cos efectos da gravitación da lúa, e que estes influían na calidade da madeira.

A tala da árbore é o máis preto posible das raíces para aproveitar mellor a madeira, comézase facéndolle unha fenda horizontal darredor coa machada, para evitar a rotura das fibras laterais, co obxecto de dirixir a dirección da caída, é máis fonda no lado para onde se desexa que caía a árbole; feita a mesma métese ao tronzador, serra grande coa parte dos dentes curva, e con dous mangos de madeira, un a cada lado, cólleno un serranchín por cada lado, e horizontalmente comezan a serrar polo lado oposto a aquel que se quere que caia a árbore; ao chegar preto do medio da árbore, e co obxecto de que o peso desta non aprete ao tronzador, métese unha tilla, cuña de madeira ou ferro, no corte e vaise apretando coa mazacuña segundo se vai afondando no corte; antes de rematalo totalmente, o serranchín dalle un pequeno empurrón e a árbore cae de seu.

Cando a densidade da carballeira é un obstáculo para a caída das árbores, porque poden ser retidos pola ramaxe propia dos outros carballos, o serranchín ten que subir e ramealo de pé, moitas veces cortala copa da árbore, para permitir a caída limpa sen estragar a madeira. Outras veces hai que guiar a caída turrando a

distancia co sedeño atado na copa. A corta non é fácil, hai que coñecer o oficio e a natureza.

Coa árbore no chan comezan os serranchíns a sacarlle as pólas e córtanlle a copa da árbore ou cotela co tronzador. Logo o dono organiza o carreto ou transporte da madeira ata a casa, onde se leva a cabo o traballo propio dos serranchís, comezando polo escascado da torada, sacándolle a casca e careando coas machadas, escuadrando as catro caras, dándolle forma prismática; a rapidez e mestría con que lle "sacan a cara" pon de manifesto o saber do oficio, que neste intre esixe máis habilidade que forza, cualquera mella bota a perder todo o traballo; ademais é unha vergoña para quen erra.

Ao facer o careado coa machada pérdese madeira debido ao ángulo de ataque da mesma, por iso é preferible facelo coa serra de aire e a serra de marco ou portuguesa.

Deseguido faise o "marcado", unha das tarefas máis técnicas e que require maior atención, un fallo á hora de tirar as liñas pode estragar a madeira ou atrasar moito a faena se hai que replantealas de novo. Para marcar empregan unha corda feita de la tinguida en pó de tinta, primeiro nas testas, improvisando unha plomada que se fai coincidir coas marcas feitas co compás, e que responden ao groso das táboas que se queren facer; logo toca replantexar as caras, facendo coincidir coas marcas das testas a corda, e posta ben tirante o axudante, érguea e déixaa caer outra vez para que a tinta que leva sinale unha raia ao longo da torada; repetir a operación pola cara oposta, coidando que as marcas coincidan ben todo ao redor.

Logo faise a "estada", estrutura para manter elevada a torada de maneira que se puña un home axeonllado por baixo; cóntase coa axuda por unha banda do "burro", cepo que se fai no monte con dous pés e que ten unha entalla na cabeza para



*A Estada. (Jean Pierre Adams. La Construcción Romana)*

encaixar a torada, e para que non caia, asegúrase por cada lado con "gatos" ou grapas metálicas en forma de C, e de S, a outra testa queda no aire, sostida por dúas gallas grosas, que dependendo do lugar colócanse apoiadas, aseguradas con grapas e cordas ou empréganse gallas con cabeza metálica en forma de Y, para cravar na torada.

Unha vez colocada a torada enriba da estada, un serranchín sitúase axeonllado por baixo e outro de pé enriba, que adoita ir descalzo para agarrarse mellor e non esbarar mentres traballa, o debaixo leva máis traballo, non só pola postura incómoda senón tamén por todo o serrín que cae sobre el; por outra banda, ten que facer máis forza para obrigar a cortar a serra e logo levantala. Comezan a dar os primeiros golpes de serra, non resulta nada sinxelo encabezar; pero os serranchís con absoluta mestría, arrincan e fan que o son sexa continuo e compasado. Anque non resulta tan doado guiar a folla da serra pola liña marcada, máis custoso é subir e baixar os brazos unha e outra vez, con desenvoltura. A serra de aire non é nada lixeira; pero nas mans destes homes parece unha pluma. Os serranchís progresan lentamente, facendo o traballo de corte no movemento descendente, entrando a serra na madeira uns 5 ou 6 cm., e para manter o corte aberto, póñenlle unha "tilla" ou cuña de madeira, que se vai apretando pouco a pouco segundo progresa o corte. Ao rematala serra sácase a torada do burro e no chan, vaise tirando das táboas, rachando o anaco do cabo que as xungue.

Cando alguén ten todas as garantías da súa parte, dise que "serra darriba", aludindo á vantaxe que ten o serranchín que está enriba da estada. É habitual que entre a cuadrilla se reparta o traballo e alternen os postos que ocupan na estada.

Co tempo, as serras e tronzadores van perdendo o gume, e precisan ser arranxados, afíanse cunha lima, dente por dente, sentado o serranchín no chan e amarrando a serra cos xeonllos, mentres manexa a lima, colléndoa polas puntas coas dúas mans. Ás veces teñen que "triscar o dente" cun dobrado lixeiro coas tenazas, tamén se asenta o gume coa pedra de auga ou na moa cando están na casa. Para facilitar o movemento da serra e que non embace na madeira, frótase cun cacho de touciño, engrasando a folla, sobre todo ao cabo do inverno cando empeza a circular a savia; tamén se fai o engrasado cando se garda a ferramenta ata a campaña seguinte.

Ao dar cabo do traballo recóllense as ferramentas, protéxese o gume das serras cunha madeira que se encaixa nel, atándoa á folla; de seguido faise un atado e bótase ao lombo, para percorrer os camiños ata atopar traballo noutro lugar, levando consigo todo ou material, agás o "burro" que se improvisa onde se teña que serrar.

*A Estada. Baixorrelevo Funerario do Museo Histórico de Lorena (Nancy-Francia)*

## 2.2 AS FERRAMENTAS DO SERRANCHÍN

As ferramentas que emprega o serranchín son as seguintes:

Burro: Cepo que se improvisa no lugar en que hai que serrar con dous pés feitos de pólas, ten unha entalla na cabeza para encaixar a torada e que non saia ao serrar.

Compás: Instrumento composto de dúas pezas articuladas rematadas en punta, para trazar curvas regulares e trasladar medidas.

Corda de la: Corda de moi pouco grosor, feita de la, que impregnada en pó de tinta, faise coincidir cos puntos de referencia, posta ben tirante, érguese e déixase caer para que a tinta que leva sinale unha raia.

*Serra de Aire. Cerdedelo (Viana do Bolo)*

Cuña: Peza de metal de testa prismática e bico afiado, que se introduce nos toros da madeira, e golpéase coa mazacuña, para que fendan máis doadamente.

Destral: Machada pequena que se emprega cunha soa man, para cortar as pólas da copa das árboles, cando é preciso asegurar a caída sen rotura, o menor dano.

Estada: Estrutura para manter no aire a torada, de xeito que quepa un home axeonllado por baixo e outro de pé enriba para serrala; apóiase por unha banda no burro.

Gallas: Pólas de madeira cun brazo ou estaca en forma de Y, para apoiar a torada; pode ter unha cabeza metálica en forma de Y para cravar na torada.

Gato: Grapas metálicas en forma de C, e de S, para asegurar a torada na estada.

Lima: Ferramenta de aceiro duro de forma alargada e con estrías, serven para afiar, puír ou desbastar outros metais. Pode ser plana, redonda, cadrada, triangular e media cana.

Machada: Ferramenta cortante formada por unha folla metálica trapezoidal grosa e un mango corto, a folla ten o gume paralelo ao mango, e unha cabeza cun ollo, no que se encaixa o mango para agarrala; emprégase para facer leña miúda e en carpintería.

Mazacuña: Ferramenta de corte híbrida, mezcla de maza e cuña nunha soa peza, similar á machada, pero con maior tamaño grosor e peso; sendo o mango máis forte

e longo. Emprégase para cortar as raíces das árbores e rachar toros.

Pedra de Asentar: Pedra especial de gran moi fino, que se emprega para afiar o gume das ferramentas cortantes.

Sedeño: Corda de esparto grosa e forte, que se emprega para atar a copa das árbores e guiar a súa caída cando hai obstáculos. Tamén é para amarrar a carga.

Serra de Aire: Ferramenta de corte dentado, grande e pesada, formada por unha folla trapezoidal de aceiro de máis de 3m. de longo, con dentes por unha banda e con mangos de madeira a cada testa. Emprégase para cortar as táboas e escuadrar a madeira.

Serra de Marco ou Portuguesa: Ferramenta de corte dentado, grande e lixeira, formada por bastidor rectangular de madeira que suxeita unha folla de aceiro con dentes por unha banda e con mangos de madeira a cada testa. Emprégase para cortar madeira.

Tilla: Cuña de madeira que se emprega en traballos de carpintería.

Tronzador: Ferramenta de corte dentado grande, coa parte dos dentes curva convexa, con dous mangos de madeira, un en cada testa. Emprégase para derrubar árbores.

## 2.3 SITUACIÓN NA ACTUALIDADE

Anualmente a finais do mes de maio no Caurel, celébrase a "festa da serra" en Ferreirós de Abaixo; coa participación dos veciños, mestres serranchís que renden unha homenaxe ao seu ancestral oficio, é o mellor indicador de que manteñen viva a cultura da serra, gardan as ferramentas do oficio e mantéñenas en bó estado de conservación.

*Serra Portuguesa. Froxais (Viana do Bolo)*

Hoxe todo cambiou moito, a maquinaria trocou as machadas e serras de aire a dúas mans e os cinco metros cúbicos de madeira, que como moito, cargaban os carros de bois, polo que son agora 25 toneladas nun camión-tractor capaz de chegar ata as zonas de corta, onde outra máquina, a procesadora, cun brazo mecánico, colle a árbore e corta, quítalle as pólas, e fai toradas a medida, todo sen apear a árbore, nun mesmo proceso.

D. Carlos Ucha Sánchez, presidente da Federación de Serradeiros, di que están abocados ao peche cando os actuais pro-

pietarios cheguen á idade de xubilación, como "se gaña pouco non se invirte en maquinaria", vaise aguantando por ser industrias familiares, onde todos botan unha man; non é un traballo que hoxe atraia á xente, considérase penoso, e por riba están os incendios, que impide aumentar a corta da madeira, ata que se recupere o monte.

Nun artigo da "Voz de Galicia" asinado por Dª María Cedrón, di que a contratación de inmigrantes rumanos e peruanos, dende o 2001, foi un gran alivio para empresas do sector que non encontraban traballadores cualificados para facer labouras tan duras e complicadas como a "poda en altura" e a "corta de árbores"; aínda que se alude á precariedade laboral, onde hai empresas que non respectan os salarios acordados.

## 3. O SERRANCHÍN SEDENTARIO. SERRADEIRO TRADICIONAL

Co século XX, establecéronse os primeiros serradeiros con serras mecánicas nos arredores das vilas e en pobos ben comunicados que desprazaron progresivamente os serranchís, provocando a desaparición deste colectivo ambulante, ao resultar máis económico serrala madeira nestas industrias. Comezaron aproveitando antigas instalacións de ferreirías e muíños que tiñan a forza da auga como enerxía, logo adoptáronse a tecnoloxía da máquina de vapor, e nos derradeiros tempos funcionaron con enerxía da electricidade, sendo estes empresarios os artífices de que chegase a corrente eléctrica a moitos pobos galegos, xa que as liñas e os poucos transformadores que había, foran instalados por eles.

A secuencia das operacións que se desenrolan nun serradeiro é a seguinte:

### 3.1 O CARRETO

A madeira é transportada dende o monte ao serradeiro en carros tirados por bois, fortes e calmosos, lembro que de neno dicían que cando as xugadas se vían apuradas, sen forzas, atrancadas na lama dos camiños, buscaban os "estraloques", e ao comelos recuperaban as forzas; había "carreteiros" especializados que dispuñan dunha xugada de bois ben mantida, como foi o Sr. Antonio Quintas de Reboredo, que levaba madeira para o serradeiro da

*O Carreto dos bois.*



Castellana; homes afeitos a percorrer os camiños, pasiño a pasiño, oíndo chiar o son do eixo do carro; guiando a xugada con "lixeiros" toques da aguillada, sabían das necesidades da xugada, procuraban facer o traballo ao rompelo día e non andar ás horas de moito sol, apartábanlle as mosca e tabáns con ramallos de xesta, dábanlle o descanso necesario, coñecían que animal tiraba con máis forza e cal con máis cabeza, a modiño pero constante, eran sabedores dos inconvintes do camiño, pendentes, baixadas, lousas que podían moverse co peso do carro, zonas de lama e auga; eran uns artistas á hora de cargar o carro, ben aproveitado, o máis pesado no fondo, nin traseiro, nin dianteiro, carros nos que ao levantalo cabezallo ata altura do xugo dos bois, mantíñase en equilibrio por si só.

Nos derradeiros tempos este traballo era cousa dos transportistas que dispuñan de "carrocetas", vehículo non moi veloz, con potencia e capacidade de carga en peso, porque eran moi estreitos para pasar polos camiños de rurais, fondos e angostos da época; polo xeral púñanse dacordo varios veciños, para encher de toradas unha carroceta completa e así abaratalo transporte ata o serradeiro. Logo facía o reparto das táboas a cada veciño, segundo a cantidade de madeira entregada. Os serradeiros máis importantes, que movían moita cantidade de madeira, tiñan carroceta propia.

Dende a época romana o transporte fluvial de troncos, guiado dende a orilla por gancheiros, era o método máis rápido e eficaz, sen empregar máis enerxía que a forza da corrente natural do río. Anque non atopei referencias concretas deste feito na nosa comunidade, dicir que era frecuente aproveitar os ríos para levar a madeira, sobre todo na vertente Mediterránea e nos Pirineos, no río Cinca existiu un oficio especializado, os "navateros", para o transporte fluvial de troncos, que traballaban na primavera con boa corrente de auga procedente do desxeo; ataban os troncos con vergas de avelaneira, facendo "almadías", balsas de troncos e guiándoos ata preto dos serradeiros ou ata o mar. O oficio de navatero pertence ao alto Aragón, en Navarra chámanlles "almadieros", e co nome de "raiers" refírense en Cataluña ao mesmo traballo, extinguiuse por completo no ano 1949, debido principalmente á construción de presas, que interrumpiron a corrente dos ríos, acabando cos "camiños de auga" destes devanceiros. Este método de transporte favorece a evacuación da savia e polo tanto o secado; aínda está en activo nos E.U.A. e no Canadá.

O carreto descargábase formando pilas longas e baixas nos patios abertos dos serradeiros, que normalmente teñen pendente cara o carro da serra, co fin de garantir a suministración por volteo das toradas.

## 3.2 O TRABALLO MECÁNICO

A fase de serrado faise na serra de cinta segundo o uso que se lle vaia dar á madeira. As pezas serradas destinadas a táboas son sacadas da serra co apoio dun axudante do serrador e colocadas nun banco de recepción, constituído por dúas vigas. Nel depositanse as táboas destinadas ao canteado, despuntado ou á preparación de listóns, operacións que se fan manualmente.

O despece de trabes e vigas faise a ollo, aproveitando ao máximo a madeira segundo as necesidades; as outras pezas máis comúns son os pontóns de 8 a 10 cm. de groso, tablóns de 4 a 8 cm., táboas de piso de 2 a 3 cm. de groso, e as ripias ou latiza con menos de 2 cm. de groso, todas

polo ancho e longo da torada. Cando as pezas que se queren son máis estreitas ca torada, cumpre serralas tamén no senso das outras caras, entón ao rematar por unha banda, vólvese a madeira e sérrase polo outro. Deste xeito fanse os puntais, esteos ou "pés dereitos" de 15 x15 cm. de groso, pontóns de 7 por 7 cm. de groso e os barrotes de 3 por 3 cm. de sección. Os casqueiros son pezas dos costados que adoitan ser incompletas e desiguais, teñen pouco valor.

A clasificación das pezas é manual, en base ás dimensións de ancho, longo e grosor; estimando visualmente o aspecto e calidade das mesmas para facer pilas para a venda de características similares.

O proceso acumula desperdicios, recortes de madeira, casqueiros destinados para o lume, e o serrín producido polas serras, que se estima nun 10 ou 15% do volume de madeira serrada; a recollida faise nunha fosa construída baixo a serra de cinta, sendo un axudante o encargado de vaciala manualmente coa pá cadrada.

A madeira recén cortada contén savia e humidade, entre un terzo e a metade do seu peso total, elimínase esta humidade na fase de secado ao aire libre, para que se empape de choiva e que se mesture coa savia facéndoa máis fluída para permitir a súa evaporación, a cal é moi importante para que a madeira sexa de calidade, máis duradeira e que se manteña en bo estado.

Rematada a serra pasa á fase de secado, facéndo o "encastelado" de madeira no exterior, pondo as táboas unhas enriba doutras, aos pares, uns cruzados cos anteriores formando un cadrado, e apoiadas nos extremos para que sequen sen "empenar", deste xeito estarán amoreadas, ao aire libre, dun a tres anos dependendo da clase da madeira. Unha vez seca pasa ás mans dos carpinteiros.

A madeira tamén se seca en poucos días cun sistema de inxección de aire quente, mediante un queimador e ventiladores impulsores; é necesario apilar a madeira para evitar que se deforme. No secado incompleto, a madeira solta o tanino que ennegrece os soportes. A madeira cambia de forma durante o secado e este cambio é convinte que se faga antes de serrala, ademais, é moito máis lixeira e polo tanto, máis doada de transportar; tendo ademais maior poder calorífico, dato importante se vai destinada a combustible.

*Distribución Xeográfica dos Serradeiros visitados (Provincia de Ourense)*

## 3.3 SERRADEIROS TRADICIONAIS

Con motivo diste traballo de recopilación, fixen un pequeno percorrido para visitar varios serradeiros tradicionais, nalgúns só quedan restos da estrutura, e tiven ocasión de conversar co Sr. Joaquín Vales do serradeiro de auga "Os Carranos" de Maceira, O Covelo (PO), Sr. Luís Sanmarful do serradeiro de auga das Regadas, Beade (OU), Sr. José Alvarez do serradeiro de auga de Ganceiros, Lobios (OU), Sr. Antonio Rodríguez e Sr. Ramón Rodríguez do serradeiro Madeiras Ganceiros, Lobios (OU), Sr. Manuel Mosquera do serradeiro do Cristal, Celanova (OU), Sr. Joaquín Collazo do serradoiro de Matamá, Laza (OU),

Sr. Antonio González do serradeiro de Vilariño Frío, Montederramo (OU); e no caso do serradeiro da Castellana, San Cibrao das Viñas (OU), conversei co Sr. Luís González "Morenza", traballador do serradeiro, e coa miña nai que me relatou as súas lembranzas.

Os serradeiros podémolos clasificar en tres grupos segundo a enerxía empregada:

1. Movidos pola forza da auga:
Ganceiros (Lobios - OU)
As Regadas (Beade - OU)
Os Carranos (O Covelo - PO)

2. Movidos pola tecnoloxía da máquina de vapor:
As Regadas (Beade - OU)
A Castellana (San Cibrao - OU)

3. Movidos pola enerxía da electricidade:
As Regadas (Beade - OU)
A Castellana (San Cibrao - OU)
Pradocabalos (Viana do Bolo - OU)
Celanova (Celanova - OU)
Pitón (Peroxa - OU)
Viñao (Punxín - OU)
Matamá (Laza - OU)
Ganceiros (Lobios - OU)
Pinor Cea (Piñor Cea - OU)
Vilariño Frío (Montederramo - OU)

E... un sinfín, xa que todos os concellos tiñan alomenos un.

### 3.3.1 SERRADEIRO DE AUGA DOS CARRANOS

Este serradeiro foi montado no ano 1922 polo avó do actual propietario, o Sr. Joaquín Vales Piña, na parroquia de Maceira, Concello do Covelo (Pontevedra), situado na estrada de Prado a Avión, preto do límite coa provincia de Ourense.

O conxunto das instalacións conta con cinco pequenas edificacións, serradeiro, sequeiro da madeira, forxa, almacén e forno exterior soterrado onde se queimaba o serrín e demais residuos. Emprega a forza da auga, que ven dunha pequena presa do regato de Vixiáns, como enerxía

*Transmisión principal por correas planas*

*Canle que leva auga a noria motriz*

*Noria motriz cun diámetro de 6 mts., no exterior do serradeiro*

*Polea coincidente co eixo da noria, polo interior do serradeiro*

*Poléas da transmisión principal no soto do serradeiro*

*Transmisión principal coa correa invertida, para cambiar o senso do xiro.*

*Poléas de transmisión, esquerda move a cepilladora, dereita move a serra.*



para mover unha grande noria de 6 m. de diámetro, que transmite o movemento ás rodas que se atopan no soto mediante correas, algunhas cruzadas, para que a secundaria se mova no senso contrario. Adicóuse principalmente a ser un obradoiro de carpintería onde facían carros do país, de aí o seu nome de "os carranos", anque cortaban árbores no monte e facían algo de todo. No intre de apoxeo, chegou a ter máis de 20 empregados, xa que segundo nos conta o Sr. Joaquín, naquiles tempos había que ser "autosuficiente"; contaba incluso cunha forxa, onde se preparaban as ferramentas, xa que nos primeiros anos era necesario facer as lámias dos carros e soldar as serras. O serradeiro conta cunha cepilladora, torno, banco de afiado das serras, carro sobre raíles para transporte da madeira, carro de corte con movemento universal manual e serra



*Cepilladora, coa transmisión por correa plana.*

*Torno, coa polea á dereita, que recibía a correa que agora non ten.*

*Polea superior da serra, fabricada na Fundición M. Malingre de Ourense.*



*O Sr. Joaquín Vales, en posición de traballo, diante da serra de cinta.*

*Regulación da entrada de auga á noria motriz, situado enriba da serra.*

*Carcasa de protección da cinta e carro de corte co volante de aproximación.*

*Banco de afiado, coa cinta en posición.*

*O Sr. Joaquín en posición de traballo para o afiado da cinta.*

*Carro sobre railes, para recoller toradas no patio e levar a madeira serrada.*



*Patio exterior, co almacén secadeiro á dereita e o serradeiro ao fondo.*

*Presa para regular e distribuir auga.*

de cinta, feita na fundición Malingre de Ourense; estivo en activo ata o ano 1998, cando o propietario se xubilou. Despois de acollerse a axudas da administración, tivo unha importante reforma, e na actualidade adícase a centro de visitas guiadas polo seu propietario, quen nos dí con nostalxia: "estas máquinas, non aguantan outras máns, hai que coñecelas e sobre todo terlles moito cariño".

### 3.3.2 SERRADEIRO DE AUGA DAS REGADAS

Os restos do que foi este serradeiro, atópanse na parroquia de As Regadas, Concello de Beade (Ourense), situado no cruce da estrada de Berán coa de Beade a Avión. O actual propietario, o Sr. Luís Sanmarful Lorenzo, non ten datos de cando se montou; pero lembra que lle contaran que era propiedade do Sr. José Fernández de Ourense, cando o mercou no ano 1961, aos herdeiros do Sr. Manuel Álvarez Álvarez, como inversión dos seus aforros de emigrante, xa que este tipo de industria "sempre lle tirou", quizais por ser neto dos serranchís Juan e José Sanmarful, de procedencia asturiana e que traballaron na zona moito tempo. A industria naquel intre contaba cunha presa no regato de Caldelas que rodea a extensa propiedade, ao nivel do regato, o muíño vello con dúas rodas, por riba del, o muíño novo con outras dúas rodas, funcionando en serie coa mesma auga. Ao carón facendo medianeira o cuarto da caldeira de vapor do serradeiro vello, que o movía a auga casi todo o ano cunha grande noria. Todo este conxunto recibía auga pola mesma canle; nunha zona máis elevada, estaba o serradeiro novo que se movía por elec-

*Ccaseta da caldeira de vapor*

tricidade, e o transformador que hoxe está dando servicio á contorna.

Cando se instalou no ano 1963 fixo a remodelación cuxos restos vemos hoxe. Desmontou chimenea e a instalación de vapor, con cuxos restos fixo o recheo do muíño vello, acadando un acceso á estrada mediante unha pequena ponte sobre o regato e fixo una vivenda enriba do muíño máis novo, lindando coa poza reguladora da auga, situada a carón do cubo do muíño. O que queda da industria hoxe, compóñeno catro edificacións: o serradeiro vello cuberto parcialmente, muíño novo coa vivenda na parte superior, un baixo de perpiaño e forxado de 9 x 15 m., feito no lugar e coas mesmas medidas do serradeiro novo, que databa do 1940, cuxo edificio sostíñase sobre pilares de pedra tapiado con madeira. Segundo conta, o regato de Caldelas tiña épocas de estiaxe, o que obrigou a instalar unha caldeira de vapor para mover o serradeiro vello cando era baixo caudal de auga. Co serradeiro da súa man traballou poucos anos, debido á falta de competividade destas instalacións; pero lembra que dezaoito serradeiros fixeran intento de formar unha cooperativa no Carballiño, pero non foi adiante.

*Aliviadeiro da levada, vertendo auga no regato de Caldelas.*

### 3.3.3 SERRADEIRO DE AUGA DE GANCEIROS

Non me foi posible atopar datos concretos, xa que o actual propietario, o Sr. José Álvarez Álvarez, desconfiaba de que se tratara de "argucias dunha xente" que ao parecer lle queren mercar a propiedade, para instalar unha piscifactoría.

As instalacións están situadas na parte alta do pobo de Ganceiros, Concello do Lobios (Ourense), situado na estrada de Muíños a Lobios. O conxunto das instalacións conta con tres edificacións, o serradeiro que emprega a forza da auga, como enerxía para mover unha noria duns 4 m. de diámetro; medianeiro con este, un pequeno sequeiro da madeira, almacén independente e un muíño de dúas rodas, que aproveita a auga cando está parada a serra. A canle da auga continúa monte abaixo ata o lugar onde se atopaba o antigo serradeiro de Madeiras Ganceiros, e continúa, movendo outros muíños.

## SERRADEIRO DE AUGA DAS REGADAS

*Canle da levada e tanque de regulación con saídas para o muíño e a noria.*

*O Sr. Luís Sanmarful, diante da porta do serradeiro de auga.*

*Parede lateral na que se apoiaba a noria motriz, co oco da canle ao fondo.*

*Casa vivenda que se fixo enriba do muíño, ao fondo o serradeiro de auga.*

*Canle da noria, reconstruída en formigón.*

*Vista do serradeiro coa madeira no patio.*

*Canle da levada que trae auga do río Salas.*

### 3.3.4 SERRADEIRO DE MADEIRAS GANCEIROS

Este serradeiro foi trasladado no ano 1963 á ubicación actual na estrada de Muíños a Lobios, á entrada do pobo de Ganceiros, Concello do Lobios (Ourense). É propiedade do Sr. Antonio Rodríguez Veloso, hoxe moi reformado e adaptado coas tecnoloxías actuais está en plena actividade, con oito empregados; pero quero indagar a súa orixe, que segundo me conta o Sr. Ramón Rodríguez Paz, pai do propietario actual, o serradeiro orixinal estuvo enclavado na parte alta do pobo, e xa funcionaba con electricidade cando o alugou no ano 1949 ao Sr. Prudencio Salgado Eiras, quen montara o serradeiro no ano 1935 empregando a forza dunha noria de auga duns 4 ou 5 m. de diámetro.

## SERRADEIRO DE AUGA DE GANCEIROS

*Tramo da canle en pedra, antes da tolva ou cubo do muíño.*

*Vista do serradeiro coa madeira no patio.*

*Detalle da noria motriz cun diámetro de 4 mts.*

*Rodamento da noria motriz, coa protección feito polo propietario.*

*Detalle dos canxilóns da noria motriz*

## SERRADEIRO DE AUGA DE GANCEIROS

*Polea da transmisión principal, no eixo da noria, polo interior do serradeiro.*



*Detalle da serra de cinta e carro de transporte das toradas.*

*Detalle do carro das toradas e sistema de arrastre por cadea.*

*Ao fondo, banco de afiado da cinta da serra.*

As instalacións eran sinxelas co serradeiro, almacén independente e un muíño dunha roda, que aproveita a auga cando está parada a serra. Esta auga xa movera o serradeiro anterior, que daquela era propiedade do Sr. Antonio Álvarez Álvarez. Contaba cunha serra de cinta e unha desfiadora para preparar a táboas, lembra o Sr. Ramón, que no ano 1946 serrou moitas travesas para as vías das vagonetas da construcción do Encoro das Conchas.

### 3.3.5 SERRADEIRO DA CASTELLANA

Este serradeiro foi montado polo Sr. Antonio Sequeiros González, polos anos vinte, nunha encrucillada de camiños que chamaban "A Castellana", e que a partir do ano 1945 foise convertindo no pobo actual do mesmo nome, pertencente ao Concello de San Cibrao das Viñas.

O serradeiro era un módulo rectangular con estrutura de madeira, cuberta de tella a dúas augas, situado nun piso entablado, enriba dun soto onde se atopaban as rodas e correas das transmisións. Dispuña de varios locais: o serradeiro diáfano e aberto ao patio polo frente, na parte posterior atopábase a chimenea de saída dos fumes, cadrada, feita de ladrillo macizo cunha altura duns 25 m., comunicada co cuarto da caldeira, e esta coa máquina de vapor, anexado no lateral con saída independente á rúa, o antigo muíño de dúas rodas, unha de pan centeo e outra de pan millo, que foi transladado nos anos cincuenta cando se ampliou este edificio para montar unha "molinera moderna" con clasificación e ensacado de fariña.

O conxunto, nos primeiros anos funcionaba coa tecnoloxía do vapor producido por unha máquina de cilindro horizontal de doble efecto, no que o émbolo, por un sistema de biela-manivela, movía un gran volante de inercia. Cóntanos o Sr. Luís, que polas mañáns sempre ían 4 ou 5 homes para axudala a rodar, e que transmitira o movemento ao eixe, que percorría o soto do serradeiro, e no cal estaban insertadas as rodas, que por correas facían traballar a serra de cinta e as outras máquinas. Este sistema provocou moitos accidentes, mutilando a varios empregados.

*Chimenea da caldeira*

Cumpre salientar que dispuña dunha sirena, que soaba ás horas de entrada e saída dos empregados. Había que tirar por unha corda para abrir a espita do vapor. Na zona de secado da madeira serrada, no eido da parte posterior, atópase o tanque de refrigeración do sistema, cun pequeno depósito regulador de auga. Segundo




*Tecnoloxía do vapor*

me conta miña nai, a falta de auga foi un grave problema, véndose na obriga de facer unha "traida de auga" dende unha mina distante uns 700 m., que cando secou o manantial tivo que levantala; logo fixo varios pozos ata lograr un co caudal necesario. O lugar aínda hoxe se coñece co nome do "molino", por que nel instalou unha bomba de pistón, movida pola forza eólica; anque antes desta innovación da época, suministrábase auga ao serradeiro mediante un carro tirado por bois, cun "pilo de madeira", que enchían o pozo a man varios homes, e que tamén deste xeito tiñan que vacialo no depósito.

*Tanque de condensación do vapor*

Preto do remate da década dos corenta, instalou o transformador e trocou o vapor pola enerxía eléctrica. Lembra a mina nai que meu pai, zapateiro de profesión, tivo alugado un cuarto a carón do serradeiro, e pagáballe mil pesetas ao mes, pola luz e o dereito a usalo esmeril eléctrico da industria. Ao redor de 1950, transladou un negocio de recauchutados, que o seu fillo Máximino tiña en Ourense e non lle iba ben. Nas máns do emprendedor Sr. Antonio Sequeiros González reorganizouse a empresa e funcionou a pleno rendemento.

Ao faltar a "alma mater", o negocio pasou a mans dos fillos. O Sr. Máximino Sequeiros Vila e irmáns traballaron uns anos máis e ampliaron as instalacións montando unha granxa porcina a carón do serradeiro, e en pouco tempo a finais dos sesenta, todo o conxunto foi entrando nunha espiral de decadencia: primeiro o recauchutados, logo a granxa, máis tarde o serradeiro, resistindo nos derradeiros anos cunha fábrica de bloques de cemento; e polo ano 1975, a industria na que tan só traballaban tres operarios, foi adquirida polo Sr. José Sieiro, de Forcas (Parada do Sil), quen aguanta coa "bloquera" uns anos, pechando a actividade na metade da década dos oitenta. Desmontou as instalacións e fixo naves para aluguer; unha delas, na que se atopa a chimenea, foi adquirida para un obradoiro de vernizados e lacados.

Na actualidade queda en pé a gran chimenea, en cuxo alto se acomodou unha parella de cegoñas que xa leva anos voltando ao lugar, tamén podemos ver o depósito e tanque de refrixeración, anque posiblemente non sexa o orixinal, senón o reformado para a instalación dos recauchutados; e tamén queda en pé a casiña con porche, que foi a oficiña do complexo, e a caseta do transformador de electricidade, que Fenosa mantén en funcionamento, dando servizo ao pobo e á contorna.

## SERRADEIRO DA CASTELLANA

*"Molinera", vense as sucesivas ampliacións, casa do propietario fundador.*

*A granxa, oficiña e a caseta do transformador.*

*Chimenea da caldeira.*

*Saída do depósito coa cruceta de conexións das tubaxes.*

*Detalle dos restos dos muros que formaron a sala de caldeira de vapor.*

## SERRADEIRO DE VIÑAO

*Patio coa pendente cara a serra no cobertizo do serradeiro*

*Detalle da estrutura do tellado*

*Proteccións da serra de cinta.*

*Carro de corte, detalle das uñas para amarrar as toradas.*



## SERRADEIRO DE VIÑAO

*Carro de avance manual, polo pulo do empregado.*

*Mecanismo de avance da torada, para fixar o groso das táboas.*

*Mesa para o triscado automático das cintas da serra.*



## SERRADEIRO DE PITÓN

*Patio con pendente cara o interior, canle de recollida da auga.*

*Serra de cinta co volante superior descuberto.*

*Volante motriz, cancela de protección e detalle do taco para limpar a cinta.*

## SERRADEIRO DE PITÓN



*Cintas de reserva acopiadas na parede.*

*Carro semiautomático de funcionamento hidráulico.*

## SERRADEIRO DE PRADOCABALOS

*Cobertizo do serradeiro, de tipo rural de dimensións reducidas.*

*Cobertizo visto dende a estrada, coa caseta para resgardalo motor da serra.*

*Carro cun motor eléctrico acoplado de forma artesanal.*

## SERRADEIRO DE PRADOCABALOS



*Conxunto de carro e serra de cinta.*

*Serra de cinta, co mesado de táboas.*

*Interruptor de marcha / paro, que manda o motor acoplado.*

*Mesa de afiado manual, con muela eléctrica.*

## SERRADEIRO DO CRISTAL, CELANOVA

*Patio de materia prima e produto rematado.*

*Caseta do centro de transformación de enexía eléctrica.*

*Casqueiros, estacas e outros produtos.*

*O Sr. Manuel Mosquera, cargando a torada no carro.*



*O Sr. Manuel Mosquera, amarrando a torada coas uñas do carro.*

*Aproveitando os casqueiros, para facer listóns.*

## SERRADEIRO DE MATAMÁ, LAZA

*Interior do serradeiro, carro semiautomático.*

*O Sr. Joaquín Collazo, facendo estacas con restos de madeira.*

*Outra vista do Sr. Joaquín Collazo faenando na serra.*

## PROCESO MECANIZADO ACTUAL DO SERRADEIRO DE "MADEIRAS GANCEIROS" GANCEIROS (LOBIOS)

*Entrada de toradas e acopio de casca.*

*Sistema automático de avance de toradas.*

*Peladora, retirada automática da casca deixando a torada espida.*

## SERRADEIRO DE "MADEIRAS GANCEIROS"

*Desprazamento e acopio automático das toradas, ante a serra.*

*Carga automática do carro da serra.*

*Vista da torada no corte e dos rodillos de traslado automático das táboas.*

*Sistema de corte automático, dirixido a distancia dende un pupitre.*

*Outra vista do sistema automático.*



*Canteadora, recorte automático dos laterais da táboa*

*Saída da táboa da canteadora, e caída dos recortes laterais.*

*Clasificación e paletización manual do produto final.*

*Retestadora, corta automáticamente as testas a escuadro.*

*Desdobradora, fende as táboas á metade e prepara as caras.*

## SERRADEIRO DE "MADEIRAS GANCEIROS"

*Outra vista da desdobradora, ver o serrin das dúas metades.*

*Hidrofugado da madeira, por inmersión.*

*Escoado do produto químico do proceso de hidrofugado.*

## 4. DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

### 4.1 A MADEIRA

A madeira, hoxe un produto deficitario no mundo, é un dos poucos materiais que pode considerarse polivalente, empregándose na estrutura das casas, cerramento interior e exterior, teitos e cubertas, pavimentos, mobiliario e na carpintería en xeral.

A diferenza doutros sistemas a construción permite ter un aforro no tempo de execución, pola súa lixeireza e flexibilidade, ofrece vantaxes como que se pode cortar, adaptar e traballar en diversas formas e tamaños, pódese ensamblar, pegar con adhesivos, unir con cravos, bíos e parafusos, coa axuda de ferramentas manuais sinxelas sen importar as condicións ambientais. Ofrece unha variada textura e cor natural, e coa aplicación de pinturas e vernices pódense lograr diferentes acabados. É un material illante do frío ou calor, conduce mal a temperatura; 1 cm de espesor en madeira equivale a 4 cm de ladrillo ou a 10 cm de formigón.

É por natureza moi duradeira, con medidas de protección adecuadas contra a humidade, intemperie; para conservala madeira, o método máis eficaz é impregnala con cloruro de cinc por inmersión; tamén se pode protexer a madeira da intemperie recubrindo a súa superficie con pinturas e vernices, que se aplican con brocha; pero non penetran na madeira, polo que non preveñen do deterioro que producen fungos.

Ten moita resistencia fronte ao lume, anque é combustible, tamén é mal condutor de calor, arde na súa periferia volvéndose carbón, que actúa como illante térmico freando a combustión e permitindo que o material interno permaneza intacto. Un centímetro pode tardar 15 minutos sen que diminúan as propiedades resistentes, por iso nas armazóns increméntase 5 cm perímetro da sección estrutural necesaria, por seguridade.

### 4.2 OS ARTÍFICES DA MADEIRA

Entre os carpinteiros existían varias especialidades das que se poden citar:

**Carpinteiro de armar**, facía pisos, colocaba a armadura das casas e teitos.

**Carpinteiro do branco** ou **ebanista**, dedícase ás pezas máis finas e coidadas, traballa con madeiras nobres e fai camas, armarios e mobles en xeral.

**Carpinteiro de carros** ou **fragueiro**, fai as suxecións das pezas con tornos ou bíos de madeira.

**Carpinteiro de ribeira**, fai e repara embarcacións de madeira, tanto de mar como de río, botes, dornas, etc.

**Carpinteiro de taller**, é o carpinteiro *"normal"*, que fai mesas, bancos, portas, ventás, canastros, escaleiras.

**Cesteiro**, facía con vergas de carballo, avelaneira, vimbios ou vides, cestas de todo tipo, cadeiras e bandexas, cabaceiros, canizas do carro, cancelas e grades.

**Cubeiro**, facía bocois e cubas de gran tamaño, con doelas ou liobas de carballo serradas, que montaba nas bodegas, pois non cabían polas portas.

**Entallador** ou **tallista**, ten o seu propio campo de traballo, que é máis artístico; fai retablos, púlpitos, cadeiras de coro.

**Fuseiro** ou **torneiro**, modela as pezas de madeira nun torno para obter fusos, rocas, patas para mobles, balaústres.

**Imaxineiros**, é unha especialidade do entallador, esculpían as imaxes das igrexas.

**Madeireiro**, cubicaba o volume da madeira axudado do calibre ou a ollo, para calcular o valor e vendela aos serradeiros.

**Peneireiro**, facían peneiras, cribas, e pandeiretas, pandeiros, tambores, bombos e caixas. Empregaban madeira, elementos metálicos e diferentes tipos de coiro.

**Selleiro** ou **baldeiro**, fabricaba baldes, tinas e selas de madeira que podía adornar con luxosos aros e outros elementos decorativos, en especial de metal.

**Serranchín,** adicábanse a cortalas árbores ou a serralas cando xa estaba a torada na casa.

**Talador**, corta as árbores no monte, antigamente co tronzador, hoxe coa motoserra.

**Toneleiro**, facía pipas e toneis, despois de cortar as doelas e domealas no lume para darlles a forma.

**Zoqueiros**, facía paos das zocas, madreñas, garfos, culleres, pratos do polbo e cuncas, con madeiras lixeiras como o bidueiro.

Na realidade unha mesma persoa con *"oficio"*, pode coñecer varios destas especialidades, e podería armar a cuberta dunha casa, facer un armario, arranxar un canastro, etc.

## 4.3 TÉCNICA DEPORTIVA DA CORTA DE TRONCOS

A abundancia de bosques no País Vasco, Navarra e Asturias noutras épocas, e o duro traballo dos serranchís, leñadores e carboeiros foi a base do deporte da "corta de troncos". É vistoso, espectacular, e moi duro, esixe participantes con condicións atléticas excepcionais, unha ampla caixa torácica que lle garanta unha respiración compasada ao ritmo dos golpes da machada; un corazón forte e de lento latexado que lle permita un ritmo continuado e uniforme, grande fortaleza física, tanto de

brazos como de pernas, debe ter unha cintura flexible e poderosa que lle permita facer todas flexións necesarias para rematar a súa "tarefa" sen que se resintan os músculos dorsais e a columna vertebral. As mans deben ter a fortaleza dunhas tenazas capaces de suxeitar a machada sen resentirse durante toda a duración da proba; os pés, a dureza e sensibilidade dun equilibrista, sendo capaces de amarrarse como lapas a cada tronco, mantendo o atleta sen un só intre de debilidade ou desmaio, especialmente cando reforza o golpe empregando as pernas como pancas auxiliares.

A corta de troncos ten varias fases, a inicial é a de apertura de corte e consiste en que mediante potentes golpes de machada sesgados, tiña que facer tres cortes iniciais na madeira, dous deles paralelos entre si, e o terceiro case perpendicular a estes dous, de maneira que permita abrir un ángulo diedro no tronco. A segunda fase é a de apertura do fondo na zona máis próxima ao chan, na que fai falta unha machada co mango máis longo. Esixe habilidade e técnica por non ter o cortador unha visión directa da zona na que ten que traballar. Rematadas estas dúas fases, está feito un profundo e ancho corte que deixa á vista o núcleo máis duro do tronco, que corta cunha machada menos pesada, pero cun gume máis afiado e resistente. Cando chega á metade do tronco, da media volta e comeza a mesma tarefa polo outro lado. A súa habilidade permitirá que o novo corte vaia coincidir co da primeira metade exactamente.

## 5. O FOLCLORE DO OFICIO DE SERRANCHÍN E A LEÑA

### 5.1 ADIVIÑAS DA LEÑA

Verde no monte, negra na casa e encarnada na brasa. *(A Leña)*

De día é pranta, de noite espanta. *(O tronco da árbore)*

Recollida no monte son e cando ardo voume. *(A Leña)*

Non verán barbudo, non inverno nu. *(O Bosque)*

O contrario dun home son; el móvese, eu parado estou; el ten pés abaixo, eu enriba, el ten a cabeza enriba, e eu téñoa abaixo. *(A Árbore)*

### 5.2 DITOS E REFRÁNS

Madeiros hai que teñen dita, madeiros hai que non, duns fan santos e doutros carbón.

Ata a leña do monte ten separación, da gorda fan santos, e da miúda carbón.

Pau que nace para violín, ata no monte sóa.

Desgraciado do loureiro da beira do camiño, cada un que pasa tíralle ao seu ramilliño.

O carballo da portela, ten a folla revirada, que lla revirou o vento, unha mañá de xiada.

Pasei pola túa porta no mes de xaneiro, vinche o canastriño cheo de rachiñas de piñeiro.

Carballeira de San Xusto, carballeira da Ramada, naquela carballeiriña, perdín eu a miña navalla.

Se queres que o carro cante, mételle o eixo no río e despois de estar mollado, canta como un asubío.

Non hai pau como o carballo, dá ao ano catro froitas, bugalliñas e bugallos, landras e mazacucas.

Este meu pau de carballo, tres días hai que o teño; denantes que deiquí saia, heino partir polo medio.

¡Ai! que piñeiro tan alto, e na cima ten alfileres; as mentiras son dos homes e as verdades das mulleres.

Uns nacen para santos, e outros para pés de bancos.

O que non aforra auga e leña, non aforra cousa que teña.

Con ben pan e moita leña, o inverno a ningún empeña.

En minguante de xaneiro, corta o madeiro.

Para a túa casa o madeiro, córtao no xaneiro.

Saímos dun souto e metémonos noutro.

O que se acolle da choiva debaixo dunha árbore, móllase dúas veces.

As árbores son como persoas, unhas dan sombra e froito, e outras nin sombra nin froito.

Cando o carpinteiro ten madeira para traballar e a muller fariña para amasar, leña e pan non lles pode faltar.

Da árbore caída, todos fan leña.

O vello e o forno, pola boca se quentan, un con viño e outro con leña.

Non digas que vai dereito, o cravo que torto entrou, non digas é carpinteiro, quen nunca táboa labrou.

De madeira de cacique, teño que facer un carro; as rodas de pregoeiro, e estadullos de escribano.

Fungueiro, estadullo, esteo, meu pau a todo se atreve; halo de sentir nas costas, se rondas onde non debes.

O río cando vai cheo, leva carballos e follas; tamén debía levar, as léngoas marmuradoras.

Eu ben vin andar o merlo de salgueiro en salgueiro, casa aquí, casa acolá, e o merlo sempre solteiro.

Teño que subir a un bido, a coller a folla alta; anque de min te esqueciche, outro mellor non me falta.

Á túa porta me tés, igual que un feixe de leña; nin ben me dis que me vaia, nin ben me dis que me esteia.

Alto pino, pino alto, que ao ceo chega coa rama; non me derrames o pino, que me derramas a alma.

Se queres que o carro cante, bótalle o eixo de freixo; si queres ter un bó mozo, dálle talladas de queixo.

Se queres que o carro cante, forte a un tempo e velaíño, bótalle o eixo de freixo; e as treitoiras de sanguiño.

O carballo da devesa, ten tres carros de leña; un é meu, outro teu, e outro partímolo a medias.

Teño que prantar un pino enriba do teu tellado, cando o pino dea uvas, estarei ao teu mandado.

## 5.3 CANTIGAS E PEQUENOS CONTOS

Antonio Machado non seu poemario "Campos de Castilla", canta "A un olmo seco" coa seguinte estrofa:

*"Antes que te derribe, olmo del Duero,*
*con su hacha el leñador, y el carpintero;*
*te convierta en melena de campana,*
*lanza de carro o yugo de carreta;*
*antes que rojo en el hogar, mañana;*
*ardas de alguna mísera caseta,*
*al borde de un camino;*
*antes que te descuaje un torbellino,*
*y tronche el soplo de las sierras blancas;*
*antes que el río a la mar te empuje,*
*por valles y barrancas;*
*olmo, quiero anotar en mi cartera*
*la gracia de tu rama verdecilla".*

**O Colmo dun Carpinteiro é?...**
Ter pelo ao cepillo, unha pata de pau, casar cunha muller coqueta, ter un fillo listón, unha filla travesa e un can que lle remexa a cola.

## 6. VOCABULARIO

**Acha** - Anaco pequeno e irregular que resulta de partir ou cortar a madeira.

**Bocatella** - Táboa que se pon na testa dos pontóns para apoiar as tellas e pechar o aleiro.

**Bancada** - Conxunto de táboas que teñen as embarcacións pequenas, como as dornas, gamelas, chalanas, etc., colocadas de babor a estribor, onde se sentan os que vogan.

**Banco** - Asento de madeira ou doutro material, con ou sen respaldo, onde poden sentar varias persoas a un tempo. Mesa de traballo dos carpinteiros.

**Banqueta** - Asento para unha persoa, de tres ou catro patas e sen respaldo.

**Banzo ou chanzo** - Paso dunha escaleira ou dunha escada.

**Barrena ou trade** - Instrumento de aceiro coa punta en espiral, que se emprega para facer furados, dándolle un movemento circular.

**Barrote ou listón** - Peza de madeira de sección reducida, empregada nos falsosteitos e tabiques de pallabarro, para recibilo enlucido de argamasa.

**Bastidor** - Armazón das ventás onde se encaixan os cristais.

**Cabalete** - Peza de madeira que consta dun pau horizontal con catro patas oblicuas, para soster táboas ou pranchas de madeira, a modo de andamio ou mesa portátil.

**Calzo ou forra** - Pedra ou calquera outro obxecto apropiado que se coloca ao lado ou por debaixo dunha cousa, para evitar que esta se mova ou para que asente ben.

**Cango** - Peza longa e prismática de madeira que se asenta nas trabes e recibe o piso ou a latiza sobre a que se apoian as tellas.

**Cargadoiro** - Peza grande de madeira ou de pedra, que forma o lintel dunha porta.

**Costeiro** - Recorte exterior das toradas ao facer a escuadría nos serradeiros. Pode ter casca ou non, sendo a súa forma incompleta e normalmente asimétrica.

**Cumio** - Trabe central na parte máis elevada dun teito.

**Decotar ou derramar** - Cortalas pólas dunha árbore.

**Desbastar** - Quitar ou rebaixalas partes ásperas ou irregulares dunha madeira, diminuíndo ou seu grosor e tornándoa máis lisa.

**Estada** - Estrutura provisional de madeira, que montan os mestres serranchís para colocar as toradas e serrar as táboas.

**Fitoira** - Peza de madeira que se dispón en vertical, de piso a teito, para recibilos barrotes e o recheo de pallabarro, nas divisións das casas antigas.

**Guieiro** - Trabe disposta en diagonal, dende o cumio ata unión de dúas soleiras nuha esquina do teito.

**Lata ou Latiza** - Táboa de costeiro de forma diversa, que se emprega para cubrilos teitos e recibilas tellas.

**Pontón** - Tamén se chama cango

**Sobrado** - Piso alto de madeira dunha casa, polo xeral, enriba del atópase o teito.

**Soleira** - Trabe ou peza de madeira, disposta enriba dos muros, para suxeitar a estrutura do teito.

**Táboa** - Peza de madeira plana e pouco grosa, bastante máis longa ca ancha.

**Taco** - Anaco de madeira pequeno, groso e curto, cortado con forma de prisma máis ou menos regular.

**Talar** - Cortar unha árbore.

**Tallo** - Cepo ou toro dunha árbore, ás veces con patas, usado para picala leña.

**Tallar** - Facer fendas nun corpo mediante instrumentos apropiados de gume para darlle unha forma determinada.

**Tarugo** - Anaco de madeira curto e groso, cortado doutra peza maior, que se embute nunha parede para colocar un parafuso.

**Teito** - Cuberta dun edificio ou construción, formada por unha estrutura de trabes en pendente, recuberta con tellas ou con outro material.

**Tercio** - Nos tellados, trabe para darlle máis consistencia, disposta no medio das tixeiras de forma paralela ó cumio e á soleira.

**Tilla**: Cuña de madeira que se emprega en traballos de carpintería.

**Tixeiras** - Conxunto das pezas postas en cruz, para suxeitar e dar forma ó teito dunha casa.

**Torada** - Parte cortada, sen pólas, do tronco dunha árbore, que adoita medir ao redor de 2,50 m.

**Torar** - Cortar en toros un tronco dunha árbore.

**Toro** - Cada un dos anacos que resultan de cortar un tronco de árbore ou unha torada.

**Trabe** - Viga de madeira que ten a función de suxeitar a construción e soportar o empuxe dos extremos das tixeiras.

## 7. BIBLIOGRAFÍA


JEAN PIERRE ADAM
*A CONSTRUCCIÓN ROMANA, MATERIAIS E TÉCNICAS*
Editorial dos Oficios (León, 1996).

MARÍA CEDRÓN
LOS NUEVOS INMIGRANTES
Periódico *La Voz de Galicia* (Ourense, 27 de xullo de 2008).

RAMÓN CABANILLAS ENRÍQUEZ
*CANCIONEIRO POPULAR GALEGO*
Editorial Galaxia, S.A. (Vigo, 1976).

RAMÓN OTERO PEDRAIO / XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ
*HISTORIA DE GALIZA, Tomo II. Etnografía Cultura* Material (Bos Aires, 1962).

SEVERINO PALLARUELO CAMPO
LAS NAVATAS
http://www. comarcas.es/

XAQUIN LORENZO FERNÁNDEZ
*OS OFICIOS.* Biblioteca Galega 120
Editorial Galaxia / *La Voz de Galicia* (A Coruña, 2002).

XOSÉ RAMÓN FERNÁNDEZ OXEA (Ben Cho Shey)
SANTA MARTA DE MOREIRAS
*Cuadernos de Seminario de Sargadelos.* Edicións do Castro (A Coruña, 1982).

XOSÉ ANTÓN FIDALGO SANTAMARIÑA
*OS SABERES TRADICIONAIS DOS GALEGOS*
Editorial Galaxia (Vigo, 2001).